

DECLARACIÓN LIMIAR

Señores,

Non se fala xa de verbas inútiles, senón dun acto, dun acto ousado, dun acto construtivo. Francia actuou e as consecuencias da súa acción poden ser inmensas.

Esperamos que o sexan.

Actuou esencialmente para a paz. Para que a paz poida realmente aproveitar a súa oportunidade, cómpre, en primeiro lugar, que haxa unha Europa. Cinco anos, case día a día, despois da capitulación sen condicións de Alemaña, Francia realiza o primeiro acto decisivo da construción europea asociando nela a Alemaña. As condicións europeas deben atoparse enteiramente transformadas. Estas transformacións farán posibles outras accións comúns imposibles ate o de agora. Europa nacerá de todo iso, unha Europa firmemente unida e solidamente estruturada. Unha Europa onde o nivel de vida se elevará grazas á agrupación das producións e á extensión dos mercados que causarán o descenso dos prezos.

Unha Europa onde o Ruhr, o Sarre e as cuncas francesas traballarán en mutuo concerto e farán aproveitar do seu traballo pacífico, seguido por observadores das Nacións Unidas, a todos os europeos, sen distinguir que sexan do Leste ou do Oeste, e todos os territorios, en particular, África que esperan do Vello Continente o seu desenvolvemento e a súa prosperidade.

Velaquí esta decisión, coas consideracións que a inspiraron.

DECLARACIÓN SCHUMAN 9 DE MAIO 1950

A paz mundial non se pode salvagardar sen uns esforzos creadores equiparables aos perigos que a ameazan.

A contribución que unha Europa organizada e viva pode achegar á civilización é indispensable para o mantemento dunhas relacións pacíficas.

Francia, defensora dende hai máis de vinte anos dunha Europa unida, tivo sempre como obxectivo esencial servir á paz. Europa non se construíu e houbo a guerra.

Europa non se fará dunha vez nin nunha obra de conxunto: farase grazas a realizacións concretas, que creen en primeiro lugar unha solidariedade de feito. A agrupación das nacións europeas esixe que a oposición secular entre Francia e Alemaña quede superada, polo que a acción emprendida debe afectar en primeiro lugar a Francia e Alemaña.

Con esta fin, o Goberno francés propón actuar de contado sobre un punto limitado, pero decisivo.

O Goberno francés propón que se someta o conxunto da produción franco-alemá de carbón e de aceiro a unha Alta Autoridade común, nunha organización aberta aos demais países de Europa.

A posta en común das producións de carbón e de aceiro garantizará inmediatamente a creación de bases conxuntas de desenvolvemento económico, primeira etapa da federación europea, e cambiará o destino desas

rexións, que durante tanto tempo se adicaron á fabricación de armas, das que elas mesmas foron as primeiras vítimas.

A solidariedade de produción que así se cree poñerá de manifesto que calquera guerra entre Francia e Alemaña non só resulta impensable, senón materialmente imposible. A creación desa potente unidade de produción, aberta a todos os países que desexen participar nela, proporcionará a todos os países aos que agrupe os elementos fundamentais da produción industrial nas mesmas condicións e sentará os alicerces reais da súa unificación económica.

Devandita produción ofrecerase a todo o mundo sen distinción nin exclusión, para contribuír ao aumento do nivel de vida e ao progreso das obras de paz. Europa poderá, con maiores medios, proseguir a realización dunha das súas tarefas esenciais: o desenvolvemento do continente africano.

Deste xeito, levarase a cabo a fusión de intereses indispensables para a creación dunha comunidade económica e inserirase o fermento dunha comunidade máis ampla e máis profunda entre países que durante tanto tempo se enfrontaron en divisións sanguentas.

Mediante a posta en común das producións básicas e a creación dunha Alta Autoridade de nova impronta, cuxas decisións obrigarán a Francia, Alemaña e aos países que se adhiran, esta proposta sentará as primeiras premisas concretas dunha federación europea indispensable para a preservación da paz.

Para proseguir a realización de tales obxectivos, o Goberno francés está disposto a iniciar negociacións segundo as seguintes bases.

A misión encomendada á Alta Autoridade común consistirá en garantir, no prazo máis breve posible, a modernización da produción e a mellora da súa calidade; a subministración, en condicións idénticas, do carbón e do aceiro no mercado francés e no mercado alemán, así coma nos dos países adherentes; o desenvolvemento da exportación común para os demais países; a equiparación e mellora das condicións de vida dos traballadores desas industrias.

Para acadar estes obxectivos a partir das dispares condicións en que se atopan actualmente as producións dos países adherentes, deberán aplicarse con carácter transitorio determinadas disposicións que establezan a aplicación dun plano de produción e de investimentos, a creación de mecanismos de estabilidade dos prezos e a creación dun fondo de reconversión que facilite a racionalización da produción. A circulación do carbón e do aceiro entre os países adherentes quedará liberada inmediatamente de calquera dereito de aduanas e non poderá verse afectada por tarifas de transporte diferenciais. Progresivamente se establecerán as condicións que garantan espontaneamente unha distribución máis racional da produción no nivel de produtividade máis elevado.

A organización proxectada, ao contrario que un cártel internacional tendente á distribución e á explotación dos mercados mediante prácticas restritivas e o mantemento de grandes beneficios, garantizará a fusión dos mercados e a expansión da produción.

Os principios e compromisos esenciais anteriormente expostos serán obxecto dun tratado asinado entre os Estados. As negociacións indispensables para precisar as normas de aplicación levaranse a cabo coa axuda dun árbitro

designado de común acordo, cuxa misión consistirá en velar por que os acordos se axeiten aos principios e, que en caso de desacordo insuperable, decidirá a solución que deba adoptarse.

A Alta Autoridade común, encargada do funcionamento de todo o sistema, estará composta por personalidades independentes designadas sobre bases paritarias polos Gobernos, quen elixirán de común acordo un presidente. As decisións da Alta Autoridade serán executivas en Francia, en Alemaña e nos demais países adherentes. Adoptaranse as disposicións axeitadas para garantir as vías de recurso necesarias contra as decisións da Alta Autoridade.

Un representante das Nacións Unidas perante devandita autoridade encargarse de facer, dúas veces ao ano, un informe público á ONU sobre o funcionamento do novo organismo, en particular no que se refire á salvagarda das súas fins pacíficas.

A creación da Alta Autoridade non prexulga en absoluto o réxime de propiedade das empresas. No exercicio da súa misión, a Alta Autoridade común terá en conta as facultades outorgadas á autoridade internacional do Ruhr e as obrigas de todo tipo impostas a Alemaña, mentres estas subsistan.

Robert Schuman
Ministro de Asuntos Exteriores
9 mai 1950, Quai d'Orsay
Salons de l'Horloge, Paris